



PREGUNTA ORAL SOBRE A SITUACIÓN DO LOCAL SOCIAL DA SOCIEDADE DEPORTIVA DE AMIO NA ESCOLA UNITARIA DESTA PARROQUIA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha das escasas ocasións nas que o Goberno toma en consideración un acordo plenario unánime, neste caso o relativo ao acondicionamento da deteriorada escola unitaria de Amio que propuxo o Partido Popular en xuño de 2016, estanse a dar pasos para a rehabilitación do antigo edificio escolar situado na rúa do Picón, lindeiro coa área de deportiva e campo da festa de Amio.

Segundo as informacións públicas do Goberno, nese lugar está previsto radicar unha centro de bicicletas todo terreo (BTT), un proxecto que pola súas características sería semellante ao da Susana, para o que se dispón dunha axuda da Xunta de Galicia por importe de 154.262,40 euros, cantidade á que o Concello engadirá outros 50.000 euros. A citada axuda permitirá desenvolver un obradoiro de emprego para a formación de persoas xoves que levarán a cabo os traballos necesarios.

En días pasados, a edificación foi rodeada por unha estrutura de andamios, supostamente como paso previo ao inicio dos traballos que ao parecer se pretenden rematar cara ao vindeiro mes de marzo.

Ata o de agora a única actividade que se vén desenvolvendo na vella escola unitaria é a realizada pola entidade Amio, S.D., que foi fundada en 1964, que conta con numerosos equipos en distintas categorías e que tén a súa sede social alí radicada. Ante o inminente inicio das obras puidemos coñecer a inquedaanza dos responsables desta entidade polo futuro dunhas instalacións das que viñeron dispoñendo nos últimos anos, tanto durante o período das obras como, sobre todo, na súa situación ao final dos traballos e a conversión do edificio en centro BTT.

À vista do exposto, formúlase a seguinte pregunta:

Que medidas ten previsto adoptar o Concello para garantir que a entidade Amio S.D. poida seguir contando cun local social para manter a súa actividade durante as obras proxectadas para a rehabilitación da antiga escola unitaria de Amio e cando estas rematen?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

María Corral López
Concelleira do Grupo Popular

CONCELLO DE SANTIAGO	
REGISTRO XER	
Data	- 7 NOV. 2018
ENTR	
Hora	Núm. 49434